

CONCELLO DE FENE
REXISTRO XERAL

- 8 SEP. 2022

ENTRADA Nº. 3746
PASE A:

Sr. Alcalde do Concello de Fene
Avenida do Concello, s/n
15500 Fene
(A Coruña)

Clave: DH.W15.85284

Expediente: Autorización de obras para peche de finca, saneamento e canalización de pluviais no lugar de O Souto parroquia de Sillobre (Santa Mariña), no concello de Fene, (A Coruña).

Solicitante: Juan Manuel Amado Rodríguez

Asunto: Información pública

Achégolle xunto con este escrito o anuncio de Información Pública da solicitude presentada por Juan Manuel Amado Rodríguez, para a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios dese concello por un prazo de **vinte (20) días**, contados a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e a admisión de reclamacións durante o mesmo período.

Ó mesmo tempo solicítolle que pasado o prazo de exposición ó público dispoña a remisión a este Servizo Territorial de Augas de Galicia do citado anuncio acompañado da certificación da exposición na que se deberá facer constar se houbo ou non **reclamacións**.

A Coruña, 30 de agosto do 2022

O xefe de servizo P.A. Ángel Gómez Rey (sinatura dixital)





SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Juan Manuel Amado Rodríguez, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río s/d, a autorización de obras, nas parcela de referencia catastral 8943205NJ6194S0001AR, 8943204NJ6194S0001WR e 8943203NJ6184S0001HM, no lugar de O Souto, parroquia de Sillobre (Santa Mariña), Concello de Fene (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.85284.

As obras solicitadas consisten no peche de parcelas mediante bordillo, postes e maia metálica e no fronte mediante 3 filas de bloques de formigón prefabricado, postes de formigón e maia metálica; canalización de augas pluviais mediante tubaría de 500 milímetros de diámetro.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Fene ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 30 de agosto do 2022

O xefe de servizo P.A. Ángel Gómez Rey (sinatura dixital)



